



Á MESA DA COMISIÓN 5.^a
SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego para implementar máis servizos de atención bucodental no Servizo Galego de Saúde (11/PNC-003342, doc. núm. 36196).

Emenda de adición

Débase engadir os seguintes parágrafos na parte resolutiva da proposición non de lei:

- “– Apoiar as iniciativas derivadas dos acordos do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde para impulsar os máximos estándares posibles en atención bucodental no Sergas.
- Ampliar a plantilla de odontólogos e hixienistas dentais no Sergas nun 10 % no ano 2024.
 - Realizar un esforzo na difusión e coñecemento entre a poboación dos servizos de saúde bucodental que presta o sistema público de saúde.”

Santiago de Compostela, 13 de decembro do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2023 16:32:24
Nº Rexistro: 63497
Data envío: 13/12/2023 16:32:24.127

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/12/2023 16:21:37

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/12/2023 16:21:46

CSV: REXISTRO-c8dZeNFsg-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

@PSdeG





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego con número de rexistro **57119 (11/PNC-004794)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galiza respecto da situación da atención sanitaria no Punto de Atención Continuada de Pontearreas e nos centros de saúde da comarca do Condado-Paradanta, que figura na orde do día da Comisión 5ª, prevista para o vindeiro 14 de decembro de 2023.

Emenda de adición

Engadir na parte resolutiva un novo punto 3 co seguinte texto:

“3.- Cubrir todas as vacantes de persoal sanitario en todos os centros de saúde das comarcas Condado e Paradanta, así como a substitución de aqueles que permanezan de baixa laboral ou permisos e vacacións regulamentarias, para non ter que desprazar ás persoas doentes a outros concellos ou ao PAC de Pontearreas ou da Caniza, se non é unha cuestión estritamente urxente. Así como as substitucións dos profesionais dos propios PAC.”

Santiago de Compostela, 12 de decembro do 2023

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 12/12/2023 10:16:03

Ana Pontón Mondelo na data 12/12/2023 10:16:11





Á MESA DA COMISIÓN 5.^a SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre determinadas medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia destinadas a afrontar as dificultades para cubrir prazas das especialidades de pediatría e de medicina de familia (11/PNC-004947, doc. núm. 59199).

Emenda de adición

Débase engadir os seguintes parágrafos na parte resolutiva da proposición non de lei que quedarán redactados cos seguintes contidos:

“–Melloras as condicións dos centros de saúde e titores para ampliar as posibilidades de solicitar a habilitación de máis prazas formativas para pediatría en Galicia nas vindeiras convocatorias de formación sanitaria especializada, así como convocar o completo das prazas habilitadas.

–Dotar de mellores condicións laborais ás prazas de pediatría en atención primaria, en termos non unicamente salariais senón na posibilidade de demandar probas diagnósticas e de facer tarefas de saúde comunitaria ou de investigación, que permite a mellora e capacitación dos profesionais.

–Impulsar e apoiar todas as iniciativas e medidas que impliquen o maior contacto dos profesionais coa pediatría de atención primaria na súa formación académica e especializada.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2023 16:32:44
Nº Rexistro: 63498
Data envío: 13/12/2023 16:32:44.815

–Concretar nun informe elaborado polo Sergas as prazas de pediatría en Atención Primaria consignadas nos orzamentos e a cobertura real durante os anos 2022 e 2023 que tiveron, desagregado por distritos sanitarios.”

Santiago de Compostela, 13 de decembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/12/2023 16:30:57

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/12/2023 16:31:05

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

@PSdeG

